


# NOME CIENTÍFICO

*Phoenix canariensis*

## Descrición:

Unha das súas características principais é o seu tronco de gran tamaño, tanto en altura 10-13 metros como en anchura (ata 70 cm.). É dioica, o que significa que a súa especie ten dous sexos en individuos separados, e dicir, hai palmeiras macho e femia. De todas as especies de palmeiras é a que ten máis follas na copa (máis de 50). A súa raíz está formada por pequenas raíces, coma fíos, que lles permiten acadar bolsas de auga subterráneas e a protexen de encharcamentos. É moi lonxeva, podendo acadar os dous ou tres séculos de idade.



101

**Familia:** Arecaceae


**Orixe:** Illas canarias

**Nome común:** Palmeira canaria ou palmeira atlántica



102

**As súas follas** están arqueadas, de 5 a 6 metros de lonxitude. Son compostas, formadas por 150-200 pares de folíolos.



103

**As súas flores** son moi pequenas, amarelo pardo, reunidas en acios colgantes de máis de un metro de lonxitude.



104

**Os froitos** teñen forma ovoide, parecidos a dátiles, de cor pardo dourado.

# *Phoenix canariensis*

## Hábitat

É típica das zonas baixas das illas canarias, aínda que a súa gran amplitude ecolóxica permítelle desenvolverse nunha gran variedade de lugares. É, de feito, unha das especies ornamentais máis estendidas do planeta.

## Usos ou propiedades

Nas illas Canarias é unha especie moi apreciada polos seus múltiples usos. Na illa da Gomera extráese a súa sabia, denominada guarapo, para facer mel de Palma, os seus dátiles, aínda que comestibles, non son especialmente apreciados e se utilizan para alimentación do gando, as súas follas son utilizadas tradicionalmente como vasoiras polos varredores. O seu uso mais estendido é como planta ornamental en parques, xardíns e avenidas de practicamente todo o mundo.

## Categoría IUCN

Non avaliada (NE)

## Curiosidades

É, xunto co canario, un dos símbolos naturais das illas canarias. O seu nome científico, *Phoenix canariensis*, procede do grego *phoinikos* que facía referencia aos fenicios, sendo este o lugar onde contemplaron palmeiras por primeira vez. Nalgúns lugares, como Nova Zelandia, está tan estendida que se considera especie invasora. Dende o ano 2005 sofre a grave praga do picudo vermello, insecto procedente do sueste asiático, que se instala na súa copa, ataca ás follas e termina por matala.